

20

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
40 minutos

Xogo por equipos

Comunicación: escoita activa e vocabulario

TABÚ

MATERIAIS

Tarxetas con palabras para adiviñar e as palabras tabú.

ESPAZO

Espazo para estar en grupos de 4 ou 5 (mellor con opción a sentar).

DESCRIPCIÓN

Un voceiro do grupo recibe unha palabra e debe lograr que o seu equipo a descubra mediante pistas e explicacións, sen dicir catro palabras prohibidas (tabú), que serán as máis habituais para explicar o vocábulo mencionado. Por exemplo, se a palabra que hai que adiviñar é casa, serán tabú "vivenda", "fogar", "familia" e "edificio".

